

# Onte 604: Con Ramón Nicolás na Gala das Letras

5 Maio, 2013 en [Autores](#), [Beizóns](#), [Blogs](#), [Cultura](#), [Eventos](#), [Onte](#), [Premios](#), [Xerais](#) con [1 Comentario](#)



Foi unha fachenda compartir con [Ramón Nicolás a súa gran noite](#) na [Gala das Letras](#) na que se [entregaron](#) os [premios da AELG](#) 2013. [Nominado en tres categorías](#), Nicolás recibiu os merecidísimos premios ao mellor blog literario, polo seu curradísimo [Caderno da crítica](#), e ao mellor libro de ensaio, [pola súa extraordinaria biografía sobre Celso Emilio Ferreiro](#). Os escritores e escritoras recoñecían así o seu traballo como investigador literario, profesor, crítico, tradutor, divulgador, promotor e activista da lectura en galego, premiábase o labor deste obreiro e arquitecto das letras galegas contemporáneas. As palabras medidas, equilibradas, xenerosas, agradecidas, reivindicativas, [memoriosas](#), fermosas, esperanzosas, oportunas das súas dúas intervencións de gratitud foron apenas senllas mostras da súa enorme valía. Foi a de onte unha noite para lembrar tamén as palabras de compromiso coa lectura [Ledicia Costas](#), [premiada co mellor libro LIX](#), de Ana Romaní, expresando solidariedade cos xornalistas en paro, e da nosa admirada [Lydia Jorge](#), recoñecida como escritora galega universal. A frase coa que pechou o seu discurso a narradora portuguesa será a partir de agora un aliciente para todos nós: «a esperanza é uma luta». Beizóns a Moncho Nicolás, a Ledicia Costas, Ana Romaní, Begoña Caamaño, Álvarez Torneiro, Darío Xohán Cabana, Lydia Jorge e resto das persoas e institucións premiadas!